



Presentamos o novo programa de probas e formato de competición da modalidade de Atletismo en Pista do programa XOGADE da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.

Esta proposta foi consensuada entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Federación Galega de Atletismo. Búscase focalizar o obxectivo na práctica e desenvolvemento das habilidades básicas de correr, saltar e lanzar; que son a esencia do atletismo e facer unha presentación gradual do deporte por categorías. En resumo, dar un enfoque máis centrado na iniciación que no rendemento deportivo.

- As xornadas estarán organizadas de xeito que as tres categorías convivan no mesmo día de competición.
- Os programas de probas estarán definidos coma xornada A e xornada B con probas diferentes en cada unha, como están descritos na normativa.
- Nas categorías benxamín e alevín redúcense dúas probas do programa habitual.
- Na categoría infantil permanecerán as probas que forman parte dos triatlons propostos pola RFEA.
- As modalidades de remudas pasan a ser mixtas.
- Nas fases previas, as probas de concursos benxamíns pasan a ser valoradas por un sistema de puntuación definido. Na final provincial, os participantes contarán con marcas oficiais.

A continuación, definiremos como se vai levar a cabo cada unha das probas, para anticiparnos a posibles dúbidas que poidan xurdir.

Na categoría benxamín as carreiras individuais realizaranse como viña sendo habitual por series e con tempos oficiais. A proba de 400 m.l. realizaras por estaxe libre.

O salto de lonxitude e os lanzamentos terán definidas con liñas as diferentes zonas de puntuación. Para acadar dita puntuación terán que superar completamente a liña correspondente. O resultado da competición será a suma de puntos acadados nos tres intentos dos que disporá cada persoa participante.



DEPORTE
GALEGO



O salto a tesoiras levarase a cabo no corredor de saltos horizontais. Nel colocárase unha estrutura cunha pica que fará de listón. Este estará situado nas alturas definidas na normativa. Cada participante disporá de tres intentos e terá que elixir onde realizalos, tratando de obter a máxima puntuación. Unha vez realizados os tres intentos, rematará o seu concurso. A carreira realizarase en liña recta sendo a caída no foso de area. O resultado, ao igual que nos demais concursos será a suma de puntos acadados nos tres intentos. Un aspecto importante é que esta categoría competirá na modalidade habitual de salto de altura (no colchón) na final provincial, de acordo co compromiso de ofrecer a posibilidade de ter marcas oficiais en dita fase.

As probas de alevíns e infantís non sofren modificacións regulamentarias. Nos concursos contarán con un máximo de tres intentos nas fases previas e no provincial, os oito mellores optarán a tres intentos máis de mellora.

As remudas das tres categorías serán mixtas. Cada entidade poderá presentar un máximo de tres equipos; nos que a lo menos un integrante terá que ser de distinto xénero aos outros integrantes. Os equipos de remudas poderán clasificar para a final provincial un máximo de dous equipos por entidade. Non terán que ser necesariamente as mesmas persoas as que integren o equipo na fase previa e na final provincial.

En cada unha das xornadas os participantes poderán participar nunha carreira e nun concurso, nunca en dúas carreiras ou dous concursos. A proba de remudas non contabilizará coma proba.

Para poder participar na final provincial será obrigatorio ter participado nas fases previas, de xeito que os clasificados para o provincial saíran dos resultados obtidos nas fases previas. Clasificarán para o campionato provincial os 16 mellores rexistros de cada proba, en cada categoría e por xénero.

Respecto das limitacións de participantes por proba e por entidade, definiranse en función das necesidades organizativas de cada unha das probas a celebrar, sempre e cando o número de inscritos supere cifras de participación que dificulten o normal desenvolvemento das xornadas.